

TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O ACCESO Á ESCALA FACULTATIVA DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS, ESPECIALIDADE BIBLIOTECAS, CONVOCADO MEDIANTE RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE NOVEMBRO DE 2021 (DOG DO 24 DE NOVEMBRO DE 2021 E BOE DO 13 DE XANEIRO DE 2022)

O tribunal cualificador do procedemento selectivo para o acceso á escala facultativa de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo A1, da Universidade de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o día 8 de setembro de 2022, ACORDOU:

PRIMEIRO. Facer públicos os CRITERIOS DE CORRECCIÓN das probas correspondentes ao primeiro exercicio (coñecemento de idioma galego) que se celebrarán o vindeiro día 14 de setembro de 2022, e que serán os seguintes:

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 4, tal e como se establece na *Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)* publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na *Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)*.

O nivel correspóndese tamén co nivel C1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

Proba escrita

Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.

Proba oral

Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a produción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.

Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.

Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.

Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.

SEGUNDO. Convocar a segunda proba do primeiro exercicio, comprensión escrita ou comprensión oral e expresión oral, a continuación da primeira proba. Ao remate da primeira proba, os aspirantes atoparán publicada nas portas da aula 1 da Facultade de Ciencias Económicas, onde se celebra a primeira proba, a orde de chamamentos para a segunda. Nesta publicación indícarase o horario concreto no que se cita a cada unha das persoas aspirantes. De acordo coa base 6.1 da Convocatoria, a orde de chamamentos das persoas aspirantes será alfabética, comezando pola primeira da **letra Y**.

TERCEIRO. Infórmase aos aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- Os aspirantes deberá vir provistos de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte)
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de bolígrafo azul ou negro.
- Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.
- A entrada á proba será consonte a orde de chamamento, que se iniciará ás **10:00 horas**.

Santiago de Compostela

A presidenta do tribunal
María Isabel Casal Reyes

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL CASAL REYES, DIRECTORA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/09/2022 21:11:46.

CSV: 2CF6-B453-4EDB-961C